

Adaptación: **ANXOS GABARANA**

Ilustracións: **ÓSCAR VILLÁN**

Encadernado en cartón

40 páxinas en color. 22x22 cm.

Dispoñible en:

-Galego: "Amora"

Os Contos do Trasnó. ISBN 978-84-8464-185-8

-Castelán: "La Mora"

Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-04-8

Prezo: 13 €

AMORA


Estaba a amora no seu lugar,
triste e a penar

¿Pensaba a amora que ninguén a ía tocar?

Pois a mosca veuna probar.

A mosca á mora,
que estaba no seu lugar,
triste e a penar.

¿Pensaba a mosca que ninguén a ía tocar?



"Amora" é un conto popular de estrutura acumulativa: os animais pequenos e os grandes, os elementos e o ser humano, todos están presentes neste relato concatenado, que serve para ser contado... e cantado. Nunha segunda lectura, "Amora" amosa o ciclo da vida dende o nacemento ata a morte, cunha orixinal proposta plástica realizada polo artista Óscar Villán, Premio Nacional de Ilustración 1999. Trátase dunha historia con raíces históricas, da que se conservan versións na cultura sefardí.

ANXOS GARABANA (Pontedeume, 1970)

Profesora de servizos socioculturais dende o ano 2000. En 1998 obtivo a licenciatura en Pedagogía; previamente, en 1993, diplomouse en Relacións Laborais. A súa formación académica inclúe estudos en organizacións sen ánimo de lucro. A súa experiencia profesional comezou nunha escola de tempo libre. Actualmente traballa como docente no Ciclo Superior de Animación Sociocultural no Instituto Xograr Afonso Gómez, en Sarria.

O texto adaptado é unha vella cantiga que acompañou a Anxos Garabana durante a nenez, transmitíndose de xeración en xeración. Trátase "dun bo exercicio de memoria" para os nenos, propicio para acelerar o ritmo da narración segundo se van acumulando os personaxes do conto.

ÓSCAR VILLÁN (Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes, na especialidade de pintura. Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, "O coelloño branco", editado por KALANDRAKA, recibiu o 1º Premio Nacional de

Ilustración 1999. Ao ano seguinte, a obra foi incluída polo Banco do Libro de Venezuela no catálogo de 'Los Mejores Libros para Niños'. Este álbum foi adaptado á linguaxe de pictogramas para a colección Makakiños. Tamén para KALANDRAKA, ilustrou outros títulos, como "A cebra Camila" e a colección "Do berce á lúa" destinada a pre-lectores. Dirixe a colección de arte 'Alfabetos'. Entre os seus traballos máis recentes figura "Un becho extraño", editado no selo FAKTORÍA K.

- **Temática:** el ciclo de la vida, la muerte
- **Edad recomendada:** desde 5 años
- **Aspectos destacables:** cuento tradicional de origen sefardí; estructura encadenada y acumulativa

